linguaxe non sexista

linguaxe non sexista

linguaxe non sexista

linguaxe non sexista

recomendacións para o uso dunha linguaxe non sexista

recomendacións para o uso dunha
linguaxe non sexista

ÍNDICE

CIG Ensino 2007

INTRODUCIÓN

Preámbulo necesario

Quizabes necesario, mais non tanto como chamar a atención sobre os contidos que a seguir as leitoras - os leitores van ter a ocasión de coñeceren e a oportunidade de repararen neles. Realidade que non se nomea, realidade que non existe ou existe invisibilizada. Por iso, resulta fundamental realizar propostas para mudar e para evitar o sexismo no uso lingüístico, porque este é revelador non de perversidades intrínsecas (o papel terma do que lle poñen, di o refrán de noso; mutatis mutandis, a lingua "carga" co fardel que lle impoñan...), senón de determinacións provenientes da ideoloxía dominante, dun funcionamento social dado, duns intereses económicos particulares e, digámolo xa, da pervivencia non inocente dunha visión androcéntrica e masculinista que non só é atavismo senón elemento funcional ao mantemento dun statu quo en que as mulleres deben seguir sendo discriminadas a fin de o sistema rodar en condicións favorábeis para el proprio.

A lingua, obviamente, non é a culpábel. As formas dunha lingua son de por sí acríticas; non así as súas funcións (1). Claro está que son estes valores funcionais, a semántica, en definitiva, os que poden ser manipulados pola autoridade (in)competente, sempre a beneficio dunha visión social dada, non inocua, e da formatación dun pensamento, unha mentalidade e unha percepción do papel dos xéneros e mais da División Sexual do Traballo que convén, como dixemos, ao funcionamento dese sistema. Sistema capitalista, discriminante e segregador *per se*, que non subsistiría se as barreiras que el proprio crea fosen radicalmente abolidas. A autoridade (in)competente é política, por suposto, e é académica, como reflexo e extensión daquela. Non precisamos busca exhaustiva en dicionarios. Só unha ollada-rastrexo superficial xa nos pon no camiño de detectarmos graves confusións entre denotacións e connotacións, particularmente graves no asunto que nos ocupa: a naturalidade con que se dan por obxectivas definicións que son resultado mesmamente dunha discriminación sexista que non se discute. No seu día, por exemplo, pudemos ler, nun dicionario galego previsto para pequenos de 7 a 10 anos, a seguinte definición de "home": "animal que pensa e fala"; "muller": "femia do home". A ilustración acompañante tamén non tiña prezo: home

vestido, muller espida. A contravención das mínimas regras non xa históricas senón simplesmente biolóxicas é clamorosa. ¿Qué tal unha definición nestes termos: "Muller: animal que pensa, fala e pode parir e aleitar"; "Home: macho da muller"? Desde logo, non sería máis chamativa nen menos exacta.

En resumo: a lingua "imprégnase" de todas as adherencias ideolóxico-morais que se lle impoñen. A súa plasticidade, a súa flexibilidade funcional, permítenos introducir mudanzas que desmonten, nunha dirección igualitarista e antisegregacionista, todos aqueles significantes que se corresponden a significados connotados, significados dos que se vai desvendar mesmamente a súa orixe, a súa etioloxía e a súa teleoloxía. Nesta operación, vaise producir, por suposto, unha resemantización, similar, en certos aspectos, á que practica con toda a lexitimidade a literatura, mais, aquí, con intención de naturalizar social e publica-mente unha outra realidade, un outro modelo de comunicación e de intelixencia colectiva. Como ben ensinou Saussure, o vínculo que une o significante ao significado é arbitrario, arbitrario por inmotivado, non porque dependa da caprichosa escolla do falante (2). De aí a súa mutabilidade, non por vontade individual, unilateral, senón por desvendaxe do preconceito, da discriminación, e por naturalización social dun(s) outro(s) significante(s) acorde(s) cun pensamento e unha práctica social que revelaron ás mulleres e se rebelaron contra a súa exclusión, contra a súa invisibilidade, contra a súa permanente secundarización, animalización ou cousificación.

Rematemos cun outro exemplo que todo o mundo pode advertir. ¿Cantas veces non teremos lido, estudado ou repetido que a Revolución Francesa consagra o sufraxio universal, que en España non se implanta até moitos anos máis tarde ou as vicisitudes por que atravesou a súa consecución? Un pequeno detalle: ao sintagma "sufraxio universal" fáltalle, clamorosamente, un adxectivo: "masculino". Daquela, a súa significación histórica real sería veraz e saberíamos todos de que estamos a falar: da concesión do direito de voto aos varóns maiores de vinte e un ou dezaoito anos, non ás mulleres do mesmo tempo e sociedade, cuxa loita xa de vello foi ben penalizada e grazas á cal perderon a cabeza na guillotina Olympe de Gouges ou Madame Rolland.

A inclusión da muller no universo humano

Porque é xustamente a falsa ecuación humano = masculino / masculino = universal a que subxaz en todas as manifestacións lingüísticas sexistas e a que dotou de falsa naturalidade, mais ferreñamente asentada no uso lingüístico, a discriminación. O adxectivo "público" non ten a culpa, evidentemente, de que asociado a "home" significase prestixio, *status*, poder, capacidade de intervención..., e asociado a "muller" se fixese equivaler a "prostituta", isto é, o único espazo, a única marxe de trato público permitido a unha muller, xustamente a dependente da demanda e do mercado masculino. Un dos grandes (e aínda non ben ponderados) méritos da nosa compatriota Rosalía de Castro radica xustamente en resemantizar o universo mundo e o universo humano nel, rompendo estereotipos, reasignando o rol e o valor das mulleres, fincando o bisturí en toda a carga, innominada, de segregacións, dupla ou tripla xornada laboral, sentimentalidade preterida ou ofendida... e tantos e tantos outros aspectos invisíbeis que ela se preocupou por facer emerxer e por corporeizar literariamente e, polo tanto, publicamente (3). Se este aspecto, fulcral, da nosa autora se tivese considerado adecuadamente, teriamos servida en bandexa de prata a posibilidade e a certeza dun cambio lingüístico que fixese xustiza a unha realidade económica, sociolóxica e psicolóxica onde, mesmamente, as mulleres galegas *brillaron* non pola súa ausencia senón pola carga abusiva do traballo produtor e reprodutor, por seren, en termos masivos, sostén da casa e da facenda, vítimas da ausencia masculina, responsábeis de tantas familias monoparentais, buscadoras de recursos e solucionadoras de problemas de toda índole.

Que un tal exercicio de visibilización conleve connotación apoloxética non ten nada de estraño. É o lóxico en todos os procesos históricos de emancipación, que comezan por verbalizaren, por nomearen, o interesadamente oculto e minusvalorado, como instrumento verbal e ideolóxico de dominación que o novo paradigma quer denunciar e substituír.

É claramente **diglósica** a posición das mulleres na sociedade, por utilizarmos a lúcida expresión de Ninyoles (4), cando se refere á esaxerada diferenciación que separa a concepción e a adscrición funcional de mulleres e homes nas nosas sociedades. Engadiriamos que non calibramos aínda até que ponto o machismo, como secreción e como excipiente da ideoloxía sexista, segue a ser un principio reitor, un principio organizador do funcionamento social, e non

por rotina ou simples dificuldade de *aggiornamento* de actitudes e condutas, senón, insistimos, por necesidade consubstancial ao modelo de explotación inherente ao capitalismo, un sistema que tan bon proveito tirou do patriarcado e das máis resesas fórmulas do tradicionalismo misóxino. Non está en absoluto caducada a sentenza de Séneca cando estabelecía que aínda que un e outro sexo concorran paralelamente á vida social, un naceu para mandar e outro para obedecer... Reflictan sobre o asunto os amigos das compensacións consoladoras, os partidarios das idealizacións, e digan, se se permitiren un exercicio de sinceridade, se aceitarían de bon grado a inversión da sentenza senequista, ou ben até que ponto estarían (e están) dispostos a sobrelevaren un verdadeiro cambio social merecente de tal nome, onde, por tanto, non houbese só igualdade declarativa ou teórica senón exercicio da mesma. Talmente a conversión da excepción en norma ou ben a ruptura dunha norma non escrita, en virtude da cal é tan difícil conceber a inversión de roles e a súa naturalidade social.

A cuestión gramatical

Vaiamos agora ao núcleo da cuestión, á modificabilidade do significante. E... coa gramática topamos... Vexamos de esquematizar as varias posibilidades ao noso dispor:

1ª. Seguirmos a utilizar o xenérico masculino, con valor integrador dun feminino implícito.
2ª. Feminizar gramaticalmente ao máximo, a través dos morfemas correspondentes, os significantes de forma gramatical masculina.
3ª. Adoptarmos, como marcas distintivas de xénero, todas aquelas que gramaticalmente conten con dualidade morfemática e deixarmos intactos aqueles significantes que non o precisaren, por non teren marca morfemática masculina explícita.

Máis unha vez, comprobamos como a cuestión non é gramatical, ou non o é en exclusiva. Explicámonos. As protestas dos partidarios da primeira opción sinalada, que mesmo abominan do (ab)uso de barras (as/os; os/as, cos substantivos ou adxectivos correspondentes) ou critican o entrambilicado e / ou cacofónico dunha repetición constante dos mesmos lexemas, en feminino e en masculino, terían máis credibilidade se, con anterioridade a esta *moda* politicamente correcta, se tivesen pronunciado sobre a *natural* e automática exclusión do suxeito feminino no xenérico masculino ou ben sobre a naturalidade con que se feminizaban gramaticalmente nomes de oficios que o estaban sociolóxi-

ca e economicamente. A ninguén dos puristas ouvimos protestar porque se falase das **gobernantas** dos hoteis (cando, teoricamente, valería perfeitamente "as gobernantes"), das **dependentas** que solicita un anuncio, das **asistentas** ou **mandadeiras**, das **xastras**, das **empregadas de fogar**, das **cuidadoras** de nenos ou de vellos, das **secretarias**, das "canguros", das *au pair*... Como tamén non resultaba chamativo falarmos de mestras ou pedagogas, mesmamente por seren profisións feminizadas ou con notábel presenza feminina, en inicio como extensión dun labor educativo que se consideraba particularmente apto (prolongación ou substitución da maternidade) para as mulleres. Quer dicer: é unha esmagadora realidade socioeconómica a que dá **naturalidade** gramatical ao que se considera natural e acoplado sen discusión ao xénero feminino. Tamén non se discutía que "gobernadora" non fose o cargo público, senón a esposa do gobernador; "alcaldesa", a muller do alcalde ou que a "regenta" (que dá titulo a unha das mellores novelas españolas do XIX, *La Regenta*, de Clarín) fose a muller do "regente" ou "corregidora" a muller do "corregidor"...

Como tampouco chama maiormente a atención que se "masculinice" o sufixo -ista, para facer dun modista **modisto**, contravindo agramaticalmente o significado do morfema, que vale, aínda que remata na vogal -a, para feminino ou para masculino e cando non se admitiría que falásemos de "xornalistos", "ebanistos" ou "chapistos"... Mais, oh *casualidade*!, visto que o da agulla foi un oficio tradicionalmente feminino, cando ascende aos altos cumes do mercado e do prestixio, masculinízase e precísase indicalo claramente, mesmo contravindo a regra gramatical, para identificar claramente o xénero superior do deseñador ou dono da multinacional correspondente. Igualmente, non chama maiormente a atención que os insultos varios con que se pode obsequiar a alguén sexan moito máis contundentes se enunciados en feminino: "mona", "burra" (dirixidos, por exemplo, a un árbitro de futebol) ou todos os relacionados coa proxenitora do interfecto, nova mostra de machismo totalmente familiar no uso social, como expresións do tipo "poñer a parir" ou "vaciar" (por "criticar duramente" ou extirpar certos órgaos sen os cais se considera que a muller [*tota mulier in utero*] deixa de ser tal!).

A segunda opción apontada tenciona feminizar ao máximo e, mesmo, xeneralizar con valor universal a forma feminina. De aí aparecen formas

como "membras", "xóvenas", "elementas" ou "individuas"... Coido que de novo topamos con agramaticalidade, porque na lingua de noso non hai o menor inconveniente para marcarmos, a través dos determinantes de xénero correspondentes, o sexo que interese: "as membros"; "as mulleres a título individual", "os elementos femininos", "os seres humanos (ou as persoas) de sexo feminino", etc. De por parte, observamos nesta tendencia unha certa consideración fetichista da lingua, como se ela, por si só, pudese reparar o que está desaxustado e abertamente disimétrico na realidade social. Máis unha vez, recordaremos que o significante, en por si, non pode *curar* as eivas ou deficiencias do significado. Aliás, en moitos contextos interesará mesmamente non feminizar, por ignorarmos o sexo do aludido ou referenciado. "¿Quen foi o "cabrón" que me raiou o auto?"; "¿quen foi o estúpido que dixo semellante cousa?"... Nestes, como en tantos exemplos máis, non vai interesar negativizar previa, aprioristicamente, o suxeito feminino, mesmamente porque se ignora de quen se trata...

Defendemos claramente a terceira opción apontada. Na dualidade morfemática -o / -a, practicarémola en todos os casos, así como

naqueles casos doutros sufixos que indiquen claramente masculinidade: **médica**, **maxistrada**, **advogada**, **mineira**, **labrega**, **mariscadora**, **xardineira**, **fotógrafa**, **aparelladora**, **topógrafa**, **enxeñeira**... e tantos outros.

Non sería preciso en profisións como **fiscal**, **xuíz** ou **albanel** porque o artigo (o/a) e os adxacentes poden marcar perfeitamente o feminino ou o masculino.O sufixo **-nte** é bixenérico: "ela está presente", "ela é prudente", a ou o "comparecente", a ou o "interpelante"... Se se popularizou **presidenta** (cando, en teoría, como practica o portugués actual, valería a **presidente**) é, de novo, porque interesa marcar a tendencia a facer natural o que até hai ben pouco era inexistente ou absolutamente excepcional.

Conclusión

En resumo: *in medio, virtus*. E non por eclecticismo, senón por realismo. A lingua marcou e segue a marcar as realidades que nós, as súas e os seus utentes e proprietarias-os, precisamos e desexamos. Nada hai, pois, de estraño en que toda a formidábel carga de novidade que supón o pensamento e a praxe feminista induzan a necesaria renovación lingüística. Na intelixencia de que ela, esta renovación, por si soa, non vai conseguir o cambio social a que aspiramos. Que haxa igualdade salarial varóns / mulleres, igualdade de oportunidades no ascenso profisional ou corresponsabilidade masculina na execución das tarefas doméstico-familiares... non vai depender (só) da feminización gramatical, senón dunha mudanza profunda nas relacións sociais, no mundo do traballo, na valorización do *idem* feminino, na non confusión de traballo e emprego... e millenta factores máis. A lingua axuda, por suposto, xa que, como se dixo *supra*, nomea e visibiliza realidades, primeiro paso para calquer tomada de conciencia e calquer reforma ou contestación posíbel. Cando a masa masculina politizada asumir como un problema de flagrante inxustiza, como un caso de endorracismo, toda a lousa de discriminacións sofridas polas mulleres, daquela falaremos con propriedade de cambio real e non só de cambio nominal. Mais, desde logo, por algo se empeza...: *in principio, verbum*. Pola palabra se comeza. E este útil opúsculo que, leitora-leitor, tes nas mans, usa da palabra e da súa modificabilidade, para ben noso, da nosa mente e da nosa conduta. Parabéns!

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO
GALIZA (A Coruña), Xaneiro de 2007.

RECOMENDACIÓNS PARA O USO DUNHA LINGUAXE NON SEXISTA NO ENSINO

Pode a lingua ser sexista?

A lingua non é sexista, pero si o pode ser o uso que dela facemos. A lingua é o medio a través do cal nos comunicamos, polo tanto reflicte o pensamento colectivo, e con el estamos a transmitir unha grande parte da forma de pensar, sentir e actuar de cada sociedade. A través da linguaxe estamos asumindo papeis de xeito consciente e inconsciente, conformando estereotipos sexistas. O uso sexista e androcéntrico da lingua é o reflexo dunha cultura sexista e androcéntrica na que se valoran as capacidades e funcións atribuídas aos homes, pero non se recoñece o valor social das capacidades e funcións que se atribúen ás mulleres. Nun mundo en cambio, onde a muller se está a introducir en novos ámbitos, sobre todo no laboral, hai unha especie de resistencia lingüística a recoñecer o grande número de actividades desenvolvidas polas mulleres, e segue a presentarse -a través dun uso lingüístico máis que consolidado- unha imaxe desvalorizada e subordinada das mulleres con respecto aos homes.

En que consiste a linguaxe sexista?

A miúdo facemos un uso sexista da linguaxe da maneira máis natural, sen ser conscientes, a través de formas incorrectas da linguaxe ou da escolla de palabras ou estruturas discriminatorias, aínda que gramaticalmente correctas. Nomeamos en masculino determinadas profesións, ocultando que tamén hai mulleres que as exercen ou que poden optar a exercelas (médico, avogado...); dirixímonos en masculino a un público que potencialmente pode ser dos dous sexos; nomeamos en feminino profesións que tradicionalmente exerceron as mulleres, como se non for posíbel que as exerzan os homes (enfermeira, limpadora...); nas comparacións ou mesmo insultos, utilizamos termos femininos con connotacións negativas (é un galiña, marica...); En fin, a linguaxe sexista exclúe as mulleres, dificulta a súa identificación ou asóciaas a valoracións negativas. Este uso da linguaxe é discriminatorio e parcial, e impón barreiras arbitrarias e inxustas ao desenvolvemento persoal e colectivo.

Por que e importante que nos centros de ensino non usemos una linguaxe sexista?

Se nalgún lugar debemos de ter especial coidado con este tema é nos centros de ensino. Neles usamos a lingua non só como forma de comunicación; traballamos sobre ela, estudándoa e tratando da súa corrección. En ambos os casos transmitimos tamén valores sociais, tanto cando nos diriximos ao alumnado como cando utilizamos exemplos ou propomos exercicios ou traballos onde aparecen homes e mulleres con capacidades e funcións determinadas. Se poñemos exemplos onde as mulleres exerzan de electricistas, camioneiras..., e os homes de coidadores, limpadores..., estamos tamén posibilitando que tanto mulleres como homes poidan verse reflectidos en novos ámbitos dun xeito máis natural.

Que posibilidades temos para non utiliza unha linguaxe non sexita?

Hai unha nova realidade que debe ser nomeada e a lingua debe modificarse e adaptarse. Non é nada novo, é algo que ocorre constantemente; eis os constantes cambios nos dicionarios. E ningúen se estraña tampouco de que determinadas profesións tradicionalmente femininas sexan de repente nomeadas en masculino (Pilar García Negro pon un bo exemplo na introdución: modisto; e dentista no ten por que ser unha muller). No camiño cara á igualdade de mulleres e homes, a linguaxe desempeña un importante papel, e podemos

nomear a mulleres e homes sen ocultar a ninguén e sen alterar gravemente as estruturas do idioma. Se somos capaces de facer un uso da linguaxe adecuado, lograremos representar o xénero das persoas sen discriminacións e representacións positivas nin negativas. En definitiva, trocando dos nosos costumes un uso discriminatorio da linguaxe, cambiaremos a nosa concepción da realidade. E non debemos esquecer outra linguaxe: a visual.

Debemos tentar non discriminar a través da linguaxe á hora de nomearmos ou escribirmos:

- Cargos e postos
- Títulos
- Profesións
- Categorías
- Na documentación: Apontamentos, fichas, circulares...
- Nas publicacións: libros, artigos, dípticos, trípticos, cartaces...
- Na redacción de problemas ou traballos

As posibilidades que nos ofrece a lingua son varias:

a) O desdobramento, ou uso de todas as marcas posíbeis de xénero.

A gramática posibilítanos en moitos casos usar marcas distintivas de xénero. No caso de que os nomes que utilicemos teñan os dous xéneros gramaticais, deberemos facer alusión a ambos, tendo coidado de como os empregamos, xa que ás veces o desdobramento supón reiteración, coa consecuente recarga tanto na fala como na escrita.

Polo xeral, o masculino aparece precedendo o feminino. Como recomendación xeral, alteraremos este costume adiantando a mención á muller; así estaremos a contribuír a modificar os estereotipos tradicionais construídos a partir de relacións de desigualdade entre os colectivos masculino e feminino. Non obstante, poderemos xogar co feminino e o masculino en cada ocasión, de xeito que non coloquemos sempre un xénero antes ca o outro, evitando así a xerarquización.

É recomendábel:
- As e os avogados colaboradores...
- As directoras e directores convocados...
- As mulleres e homes poderán subscribirse a...

Non é recomendábel:
- Os avogados e avogadas colaboradores e colaboradoras...
- Os directores e directoras convocados e convocadas...

- Os homes e mulleres poderán subscribirse a...

Actualmente hai unha tendencia a marcar con morfemas de xénero masculino e feminino nomes que, en principio, valerían para os dous xéneros; só sería necesario antepoñerlles os determinantes masculinos ou femininos. Algúns xa están totalmente asumidos coas dúas marcas de xénero, mentres que outros considéranse válidos para os dous. O tempo diranos cal é a mellor solución:
- fiscal; o / a fiscal; a fiscala
- o xuíz; a xuíza
- o contrincante; a contrincante
- albanel; o / a albanel; a albanela (?)
- o mestre; a mestra
- a estudante; o estudante
- a representate; o representante
- o membro; a membro

b) O uso de substantivos abstractos ou colectivos.

O emprego do masculino para se referir á cidadanía e á poboación no seu conxunto está a producir unha invisibilización dunha das dúas metades que a forman. Ademais, leva a confusión, xa que non se aclara se nos estamos a referir á sociedade (composta por mulleres e homes) ou a un colectivo específico formado só por homes. Unha solución frecuente é a de utilizar substantivos abstractos ou colectivos para evitar este problema. Consideramos que non sempre é unha solución correcta, pois en non poucos casos cambiamos o sentido do discurso. Non é o mesmo, por exemplo, a cidadanía que as cidadás e os cidadáns; a mocidade que as mozas e os mozos. Noutros casos, sobre todo cos colectivos, non parece que se force demasiado a semántica: o profesorado apoiou maioritariamente o cambio; aínda que non sempre: o alumnado que votou nestas eleccións...

Recomendamos, polo tanto, prudencia á hora de utilizar abstractos e colectivos como xenéricos para evitar o emprego do masculino como termo non marcado ou xenérico.

c) Outros recursos do idioma

Ás veces podemos substituír unha palabra por outra ou por unha perífrase ou expresión distinta, evitando así o desdobramento xenérico:

É recomendábel:

- A representación estudantil
- O persoal técnico
- O rendemento do ser humano
- Quen teña
- Quen presente a solicitude

- Titular da conta
- A persoa interesada deberá...

Non é recomendábel:

- Os delegados de estudantes
- Os técnicos
- O rendemento do home
- Aqueles que teñan ...
- O solicitante
- O titular da conta
- O interesado deberá...

d) Barras e arroba

Empregaremos a barra cando non atopemos ningunha outra posibilidade para que non fique oculta a muller. As barras son axeitadas nos documentos onde non se coñece a persoa que vai facer un trámite: en formularios, fichas, solicitudes, contratos, nóminas, sinaturas, cartas, táboas... Cómpre, porén, evitar o uso da arroba (@), xa que no plano oral é impronunciábel e non é un signo lingüístico.

Exemplos:

- A/o interesada/o
- A/o demandante
- A/o demandada/o
- Licenciada/o
- Propietaria/o
- Director/a
- Xefa/e

- O/A traballador/a
- Don/Dona

Cando debemos ter especial coidado para non utilizar unha linguaxe non sexista?

Nomeando cargos e profesións

Nos últimos anos houbo algúns cambios nos libros de texto en canto á aparición da muller en contextos e profesións que tradicionalmente se asociaban a homes. E ao revés: homes en contextos e profesións que tradicionalmente se consideraban de mulleres. Aínda así, podemos ollar criticamente os textos e as imaxes que empregamos no ensino e darémonos conta de que queda moito camiño para lograr transmitir que mulleres e homes teñen, en xeral, as mesmas capacidades e deben, por tanto, ter as mesmas posibilidades. Haberá que deixar de falar de médicos e enfermeiras. As categorías, os cargos e as titulacións deberán aparecer en feminino e masculino, tendo en conta a persoa que os posúa, independentemente de que esta sexa un home ou unha muller, e haberá que propór exemplos que rompan cos esquemas tradicionais. Nomear en masculino a unha muller, invisibilízaa e leva consigo ambigüidade e discriminación.

Achegamos un listado de profesións e categorías profesionais e as recomendacións para o seu uso:

É recomendábel	non é recomnedábel
- Almaceneira/o	Almaceneiro
- Animador/a sociocultural	Animador sociocultural
- Asegurador/a	Asegurador
- Auxiliar administrativa/o	Auxiliar administrativo
- Azafato/a, auxiliar de vo	Azafata
- Bombeira/o	Bombeiro
- Caixeiro/a	Persoal de caixa/caixeiro
- Camareira/o	Camareiro
- Camioneiro/a	Camioneiro
- Capataz/a	Capataz
- Cartógrafa/o	Catógrafo
- Catador/a	Catador
- Chacineira/o	Chacineiro
- Cobrador/a	Cobrador
- Cociñeira/o	Cociñeira
- Comprador/a	Comprador
- Condutor/a	Condutor
- Corredor/a	Corredor
- Costureira/o	Costureira
- Director/a	Director
- Empacador/a	Empacador
- Empregado/a do fogar	Empregada do fogar
- Encargada/o	Encargado
- Engraxador/a	Engraxador
- Enxeñeiros/as técnicos/as	Enxeñeiros técnicos

- Escultor/a	Escultor
- Facultativo/a	Facultativo
- Fontaneira/o	Fontaneiro
- Licenciados/as	Licenciados
- Limpador/a	Limpadora
- Mecánica/o	Mecánico
- Montador/a	Montador
- Mozo/a especialista	Mozo especialista
- Operador/a	Operador
- Orientador/a	Orientador
- Peoa/peón especializada/o	Peón especializado
- Perito/a ou Enxeñeiro/a técnico/a	Perito/Enxeñeiro técnico
- Porteira/o	Porteiro
- Repartidor/a	Repartidor
- Socióloga/o	Sociólogo
- Subalterno/a ou Persoal Subalterno	Subalterno
-Técnica/o contábel	Técnico contábel

Nas formas de tratamento

Nos documentos de carácter administrativo (solicitudes, inscricións ou fichas) é frecuente a aparición do masculino precedendo o feminino. Deberemos alterar este costume, xa que non sabemos se a persoa que fai o trámite é home ou muller, de xeito que contribuímos a modificar estereotipos e relacións de desigualdade.

Recomendamos o emprego dos dous xéneros (feminino e masculino), evitando así o uso das barras, ou ben formas que poidan presupor calquera dos dous sexos.

É recomendábel:
- Nome e apelidos
- Data de nacemento
- Con empadroamento en
- Nº documento de identidade
- Sinatura
- Nai, pai ou representante legal

Non é recomendábel:
- Don
- Nacido en
- Empadroado en
- Provisto de documento de identidade
- O solicitante
- Pai ou titor

TERMOS RELACIONADOS COAS ACTITUDES SEXISTAS

ANDROCENTRISMO. Enfoque ou visión, desde o punto de vista teórico e do coñecemento, na que os homes son o centro e a medida do mundo e das cousas, ocultando e facendo invisíbel todo o demais, entre outras cousas, as achegas e contributos das mulleres á sociedade. Una visión androcéntrica presupón que a experiencia masculina sería a universal, a principal, a referencia ou representación da humanidade, obviando a experiencia feminina.

ACCIÓN POSITIVA. Estratexias dirixidas a un grupo social determinado destinadas a estabelecer a igualdade de oportunidades por medio de medidas que permitan corrixir aquelas discriminacións que son o resultado de prácticas ou sistemas sociais, ou compensar as desvantaxes resultantes de actitudes, comportamentos e estruturas existentes.

ACOSO SEXUAL. Comprende todo comportamento sexual verbal ou físico, non desexado pola persoa acosada, levado a cabo en distintos espazos da vida cotiá, aproveitándose dunha situación de superioridade ou compañeirismo e que repercute nas condicións do medio facéndoas hostís, intimidatorias e humillantes. O acoso sexual é unha expresión máis das relacións de poder que exercen os homes sobre as mulleres.

ANÁLISE DE XÉNERO. Estudo das diferenzas de condicións, necesidades, índices de participación, acceso aos recursos e desenvolvemento, control de activos, poder de toma de decisións, etc., entre homes e mulleres, debidas aos roles que tradicionalmente lles asignaron.

COEDUCACIÓN. Tamén chamada educación en igualdade, vén a ser unha educación centrada nas alumnas e nos alumnos considerando a ambos os grupos en igualdade de dereitos e oportunidades. É un método de intervención educativo que vai máis alá da educación mixta asentando as bases no recoñecemento das potencialidades e individualidades de rapaces e rapazas, independentemente do seu sexo.

DISCRIMINACIÓN DIRECTA. Situación na que se trata a unha persoa (en razón do seu sexo) dun xeito desfavorábel.

DISCRIMINACIÓN INDIRECTA. Situación en que unha lei, política ou acción aparentemente neutrais, teñen un impacto desproporcionadamente adverso sobre os membros dun ou doutro xénero.

DISCRIMINACIÓN POSITIVA. Medidas dirixidas a un grupo determinado, coas que se pretende suprimir e prever unha discriminación ou compensar as desvantaxes resultantes de actitudes, comportamentos e estruturas existentes.

EMPODERAMENTO. Aumento da participación das mulleres nos procesos de toma de decisións e acceso ao poder. Actualmente esta expresión implica tamén outra dimensión: a toma de consciencia do poder que individual e colectivamente posúen as mulleres e que ten que ver coa recuperación da propia dignidade das mulleres como persoas.

EQUIDADE. Igualdade no trato. Equivalencia en termos de dereitos, beneficios, obrigas e oportunidades.

ESTEREOTIPOS. Representacións xeneralizadas e culturalmente aceptadas sobre as funcións sociais e os comportamentos que homes e mulleres deben amosar.

ESPAZO DOMÉSTICO. Identifícase co espazo tradicional das mulleres, un ámbito reprodutivo, un espazo de inactividade produtiva, no cal se leva a cabo a crianza dos fillos e fillas, os afectos e o coidado das persoas dependentes.

ESPAZO PRIVADO. Refírese ao espazo propio das persoas, o tempo de lecer afastado do espacio doméstico e do público. A privacidade é unha parcela da que disfrutan principalmente os homes, e no caso das mulleres tradicionalmente tende a confundirse co doméstico, roubándolles ese espazo para si.

ESPAZO PÚBLICO. Identifícase co ámbito produtivo, co espazo da actividade, onde ten lugar a vida laboral, social, política e económica. É o lugar onde se colocaron tradicionalmente os homes.

FEMINIZACIÓN DA POBREZA. Tendencia ao aumento da incidencia e prevalencia da pobreza entre as mulleres.

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES. Ausencia de toda barreira sexista para a participación económica, política e social.

PARIDADE. Representación equitativa de homes e de mulleres en todos os ámbitos sociais, fundamentalmente nos políticos.

POLÍTICAS DE IGUALDADE. Marcos referenciais de actuación política que contemplan o principio de igualdade de trato, a través da elaboración de estratexias baseadas no dereito das mulleres a seren tratadas como cidadás, propoñen solucións para resolver as desigualdades por razón de sexo.

SEGREGACIÓN HORIZONTAL. Concentración de mulleres e de homes en sectores e empregos específicos.

SEGREGACIÓN VERTICAL. Concentración de mulleres e de homes en graos e niveis específicos de postos ou responsabilidades.
SEXISMO. Conxunto de métodos empregados no seo da sociedade androcéntrica que determinan unha situación de inferioridade, subordinación e explotación do colectivo feminino ao masculino
SEXO - XÉNERO. O xénero representa as diferenzas sociais por oposición ás biolóxicas entre mulleres e homes (sexo). Estas diferenzas foron aprendidas, mudan co tempo e presentan grandes variacións tanto entre diversas culturas como dentro dunha mesma cultura.
TEITO DE CRISTAL. Barreira invisíbel resultante dunha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas polo colectivo masculino, que impide as mulleres accederen a postos destacados socialmente.
TRANSVERSALIDADE. Incorporación do principio de igualdade de oportunidades a todo tipo de proxectos públicos ou privados nos diferentes ámbitos: educativo, económico, cultural, político, social...

BIBLIOGRAFÍA E MARCO NORMATIVO

- Silvia Rodríguez Fontán e Mª del Carmen Arias Fariña: *Plan estratexia marco comunitaria sobre a igualdade entre homes e mulleres 2001-2005 (2001): A linguaxe fainos iguais.* Proxecto Compás. A.D. Equal Área Metropolitana de Vigo.
- Anxos Cancela: *"A negociación colectiva como mecanismo de promoción da igualdade entre homes e mulleres"*. CIG. 2003
- Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galiza (2002): Recomendacións para unha linguaxe non discriminatoria na administración pública.
- Medina Guerra, Antonia M. (2002): *Manual del lenguaje administrativo no sexista.* Ayuntamiento de Málaga - "Asociación de estudios históricos sobre la mujer" da Universidad de Málaga.
- Orde do 22 de marzo de 1995, do Ministerio de Educación y Ciencia, que adapta a denominación dos títulos académicos oficiais.
- Real Decreto 762/1993 sobre modificación do Rexistro Civil e a discriminación lingüística nos textos e formularios.
- Recomendación do Comité de Membros do Consello de Europa, do 21 de febreiro de 1990, sobre eliminación do sexismo na linguaxe.
- Resolución 109, aprobada pola Conferencia Xeral da Unesco, de 1989.
- Resolución 14.1, aprobada pola Conferencia Xeral da UNESCO, de 1987.-Servizo de Linguas e Documentos da UNESCO (1991): Guidelines on non-sexist language (Recomendacións para un uso non sexista da linguaxe).

NOTAS

(1) "As formas dunha língua son capaces de se adaptar a todo tipo de evolucións; non hai incapacidade intrínseca en nengunha língua para servir a calquer cámbio sócio-cultural: sempre está disponíbel ás variacións funcionais. Isto é o que quer dicer que as formas dunha língua son acríticas" (Francisco Rodríguez: Conflito lingüístico e ideoloxia na Galiza, ed. Laiovento, Santiago de Compostela, 4ª edición, 1998, páx.23).

(2) Vid. a magnífica tradución á nosa lingua do Curso de Lingüística Xeral, de Ferdinand de Saussure, realizada por Xosé Manuel Sánchez Rei (Ed. Laiovento, Santiago de Compostela, 2005).

(3) Vid. "Estudo introdutorio" da edición de El caballero de las botas azules, "Lieders", "Las literatas", de Rosalía de Castro, da nosa autoría (Ed. Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 2006), así como o corpo de notas, de Celia María Armas García.

(4) Vid. Idioma e poder social, de Rafael Ninyoles (Ed. Laiovento, Santiago de Compostela, 2005).

CIG
SECRETARIA DA MULLER
Paz, Xustiza, Igualdade